

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 17240** *Real decreto 1436/2010, do 5 de novembro, polo que se modifican diversos reais decretos para a súa adaptación á Directiva 2008/112/CE do Parlamento Europeo e do Consello, que modifica varias directivas para adaptalas ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.*

A Directiva 2008/112/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro, modifica as directivas 76/768/CEE, 88/378/CEE e 1999/13/CE do Consello e as directivas 2000/53/CE, 2002/96/CE e 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello para adaptalas ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008 sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.

O Regulamento (CE) n.º 1272/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) n.º 1907/2006, establece a harmonización da clasificación e a etiquetaxe de substancias e mesturas na Unión Europea. Esta harmonización implica a actualización do marco normativo europeo existente ata o momento nesta materia, incorporando os criterios de clasificación e etiquetaxe de substancias e mesturas do Sistema Globalmente Harmonizado (SGH) de clasificación e etiquetaxe de produtos químicos, adoptado a escala internacional no marco das Nacións Unidas. O novo regulamento comunitario incorpora, así mesmo, a experiencia adquirida na aplicación da anterior normativa comunitaria nesta materia.

A adopción do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 implicará, a partir do 1 de xuño de 2015, a completa derogación das dúas directivas comunitarias que regulaban esta materia: a Directiva 67/548/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1967, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas en materia de clasificación, embalaxe e etiquetaxe das substancias perigosas, e a Directiva 1999/45/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de maio de 1999, sobre a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á clasificación, ao envasado e á etiquetaxe de preparados perigosos.

Ademais, posto que algunhas das disposicións de clasificación e etiquetaxe establecidas nas directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE serven de base para a clasificación de substancias noutras directivas comunitarias, foi necesario adaptar tamén estas outras directivas ás novas previsións do Regulamento (CE) n.º 1272/2008. Con este obxectivo dítase a Directiva 2008/112/CE, que dispón a modificación de diversas directivas en aplicación do citado regulamento comunitario. Este real decreto incorpora parcialmente esta directiva ao noso ordenamento.

A Directiva 2008/112/CE modifica seis directivas comunitarias, das cales catro inciden no ámbito competencial do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Estas catro modificacións de directivas da área ambiental son as que se traspoñen ao ordenamento xurídico interno a través deste real decreto. Son as seguintes: 1. Directiva 1999/13/CE do Consello, do 11 de marzo de 1999, relativa á limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes orgánicos en determinadas actividades e instalacións (incorporada a través do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades); 2. Directiva 2000/53/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de setembro de 2000, relativa aos vehículos ao final da súa vida útil (incorporada a través do Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil); 3. Directiva 2002/96/CE do Parlamento Europeo e do

Consello, do 27 de xaneiro de 2003, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, (incorporada mediante o Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos); e 4. Directiva 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa á limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes orgánicos en determinadas pinturas e vernices e nos produtos de renovación do acabado de vehículos (incorporada a través do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices en produtos de renovación do acabado de vehículos).

As principais modificacións que a transposición da Directiva 2008/112/CE implica son: a substitución dos termos «preparado» ou «preparados» por «mestura» ou «mesturas», a redefinición do concepto de «substancia perigosa», «recubrimento» ou a remisión á aplicación das previsións do Regulamento (CE) n.º 1272/2008. En relación coas emisións dos compostos orgánicos volátiles, ademais das modificacións que se mencionaron, introdúcese unha substitución progresiva e graduada das frases de risco por indicacións de perigo; nun principio coexisten estas dúas denominacións e, finalmente, a partir do 1 de xuño de 2015 (data en que se produce a derogación completa das directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE polo Regulamento (CE) n.º 1272/2008), prodúcese a substitución definitiva subsistindo unicamente as indicacións de perigo, que é a terminoloxía utilizada polo regulamento comunitario.

Este real decreto dítase en cumprimento das obrigas que derivan da integración na Unión Europea e ao abeiro dos títulos competenciais que serviron de fundamento ás normas modificadas. Na súa tramitación o texto foi sometido a información pública, foron consultadas as comunidades autónomas, os sectores afectados e, por se tratar dunha norma con incidencia sobre o ambiente, ademais foi consultado o Consello Asesor de Medio Ambiente.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do Interior, de Industria, Turismo e Comercio, de Sanidade, Política Social e Igualdade e de Ciencia e Innovación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de novembro de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil.*

A alínea m) do artigo 2 do Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, queda redactada nos seguintes termos:

«m) Substancia perigosa: toda substancia que reúna os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo 1 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas:

1.<sup>a</sup>) Clases de perigo 2.1 a 2.4, 2.6, 2.7, 2.8 tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13 categorías 1 e 2, 2.14 categorías 1 e 2, 2.15 tipos A a F;

2.<sup>a</sup>) Clases de perigo 3.1 a 3.6, 3.7 efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10;

3.<sup>a</sup>) Clase de perigo 4.1;

4.<sup>a</sup>) Clase de perigo 5.1.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades.*

O Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades, modifícase nos seguintes termos:

Un. Na definición de «preparado» do artigo 2 substitúese o termo «preparado» polo de «mestura» e a redacción deste parágrafo queda como segue:

«“Mestura”: solución composta por dúas ou máis substancias.»

Dous. En todo o texto deste real decreto os termos «preparado» ou «preparados» substitúense, respectivamente, polos termos «mestura» ou «mesturas».

Tres. Substitúense as referencias que realiza este real decreto a «R40» por «R40 ou R68».

Catro. O artigo 5 queda redactado como segue:

*«Artigo 5. Réxime especial das instalacións en que se utilicen substancias ou mesturas de risco.*

1. Cando nunha instalación se utilicen substancias ou mesturas que, debido ao seu contido en compostos orgánicos volátiles clasificados como carcinóxenos, mutáxenos ou tóxicos para a reprodución, teñan asignadas determinadas indicacións de perigo, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, deberanse cumprir, en todo caso e con independencia de que se estableza un sistema de redución de emisións, os seguintes valores límite de emisión:

a) 2 mg/Nm<sup>3</sup>, no caso de emisións de compostos orgánicos volátiles que teñan asignadas as indicacións de perigo H340, H350, H350i, H360D ou H360F, cando o caudal máxico da suma dos compostos que xustifica a etiquetaxe con algunha desas indicacións de perigo sexa maior ou igual a 10 glh.

b) 20 mg/Nm<sup>3</sup>, no caso de emisións de compostos orgánicos volátiles haloxenados que teñan asignadas as indicacións de perigo H341 ou H351, cando o caudal máxico da suma dos compostos que xustifica a etiquetaxe con algunha desas indicacións de perigo sexa maior ou igual a 100 glh.

En ambos os casos, o valor límite de emisión refírese á suma das masas dos distintos compostos.

2. As emisións de compostos orgánicos volátiles previstas neste artigo deberanse controlar como emisións procedentes dunha instalación en condicións confinadas, na medida en que isto sexa técnica ou economicamente posible, para protexer a saúde humana e o ambiente.

3. As instalacións que emitan compostos orgánicos volátiles aos cales, con posterioridade á data de entrada en vigor deste real decreto, se asigne unha das indicacións de perigo mencionadas no número 1, deberán cumprir os valores límite de emisión fixados no citado número no prazo máis curto posible que, en todo caso, non poderá ser superior ao dun ano, a partir da data da entrada en vigor da disposición que así o estableza.

4. Non obstante o regulado nos números anteriores, as instalacións que utilicen substancias ou mesturas que teñan asignadas as indicacións de perigo H340, H350, H350i, H360D ou H360F deberán substituílas, na medida do posible, por substancias e mesturas menos perigosas. Para estes efectos, cando se demostrase que existen alternativas de substitución, esta levarase a cabo o antes posible.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.*

O Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, queda modificado da seguinte forma:

Un. Os termos «preparado» ou «preparados» no sentido de «unha mestura ou solución composta por dúas ou máis substancias», tal e como se recolle no artigo 3.2 do Regulamento (CE) n.º 1907/2006, do 18 de decembro de 2006, relativo ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e preparados químicos (REACH), contidos ao longo do texto do real decreto, substitúense, respectivamente, polos termos «mestura» ou «mesturas».

Dous. A alínea f) do artigo 2 queda redactada da seguinte maneira:

«f) “Substancia ou mestura perigosa”: calquera substancia ou mestura que reúna os criterios de calquera das seguintes clases ou categorías de perigo establecidas no anexo 1 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas:

1.ª) Clases de perigo 2.1 a 2.4, 2.6, 2.7, 2.8 tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13 categorías 1 e 2, 2.14 categorías 1 e 2, 2.15 tipos A a F,

2.ª) Clases de perigo 3.1 a 3.6, 3.7 efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10,

3.ª) Clase de perigo 4.1, 4a) clase de perigo 5.1.»

Tres. O parágrafo décimo terceiro do número 1 do anexo III queda modificado como segue:

«Compoñentes que conteñan fibras cerámicas refractarias segundo a descrición da parte 3 do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas.»

**Artigo cuarto.** *Modificación do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices en produtos de renovación do acabado de vehículos.*

O texto do Real decreto 227/2006, do 24 de febreiro, polo que se complementa o réxime xurídico sobre a limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles en determinadas pinturas e vernices en produtos de renovación do acabado de vehículos, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2, alínea f), queda redactado como segue:

«f) Mestura: solución composta de dúas ou máis substancias.»

Dous. O artigo 2, alínea i), queda redactado como segue:

«i) Recubrimento: toda mestura, incluídos todos os disolventes orgánicos ou mesturas que conteñan disolventes orgánicos necesarios para a súa debida aplicación que se utilicen para obter unha película con efecto decorativo, protector ou doutro tipo, sobre unha superficie.»

**Disposición transitoria única. Redaccións transitorias.**

1. Transitoriamente, desde o 1 de decembro de 2010 ata o 31 de maio de 2015, o artigo 5 do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades, terá a seguinte redacción:

«Artigo 5. *Réxime especial das instalacións en que se utilicen substancias ou mesturas de risco.*

1. Cando nunha instalación se utilicen substancias ou mesturas que, debido ao seu contido en compostos orgánicos volátiles clasificados como carcinógenos, mutáxenos ou tóxicos para a reprodución, teñan asignadas determinadas indicacións de perigo ou frases de risco, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, deberanse cumprir, en todo caso e con independencia de que se estableza un sistema de redución de emisións, os seguintes valores límite de emisión:

a) 2 mg/Nm<sup>3</sup>, no caso de emisións de compostos orgánicos volátiles que teñan asignadas as indicacións de perigo H340, H350, H350i, H360D ou H360F, ou as frases de risco R45, R46, R49, R60 ou R61, cando o caudal máxico da suma dos compostos que xustifica a etiquetaxe con algunha desas indicacións de perigo ou frases de risco sexa maior ou igual a 10 g/h.

b) 20 mg/Nm<sup>3</sup>, no caso de emisións de compostos orgánicos volátiles haloxenados que teñan asignadas as indicacións de perigo H341 ou H351, ou as frases de risco R40 ou R68, cando o caudal máxico da suma dos compostos que xustifica a etiquetaxe con algunha desas indicacións de perigo ou frases de risco sexa maior ou igual a 100 g/h.

En ambos os casos, o valor límite de emisión refírese á suma das masas dos distintos compostos.

2. As emisións de compostos orgánicos volátiles previstas neste artigo deberanse controlar como emisións procedentes dunha instalación en condicións confinadas, na medida en que isto sexa técnica ou economicamente posible, para protexer a saúde humana e o ambiente.

3. As instalacións que emitan compostos orgánicos volátiles aos cales, con posterioridade á data da entrada en vigor deste real decreto, se asigne unha das indicacións de perigo ou das frases de risco mencionadas no número 1, deberán cumprir os valores límite de emisión fixados no citado número no prazo máis curto posible que, en todo caso, non poderá ser superior ao dun ano, a partir da data da entrada en vigor da disposición que así o estableza.

4. Non obstante o regulado nos números anteriores, as instalacións que utilicen substancias ou mesturas que teñan asignadas as indicacións de perigo H340, H350, H350i, H360D ou H360F ou as frases de risco R45, R46, R49, R60 ou R61 deberán substituílas, na medida do posible, por substancias e mesturas menos perigosas. Para estes efectos, cando se demostrase que existen alternativas de substitución, esta levarase a cabo o antes posible.»

2. Transitoriamente, desde o 1 de decembro de 2010 ata o 31 de maio de 2015, a alínea f) do artigo 2 do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, terá a seguinte redacción:

«f) “Substancia ou mestura perigosa”: calquera mestura que se considere perigosa conforme o regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, ou calquera substancia que reúna os criterios de calquera das seguintes clases ou

categorías de perigo establecidas no anexo 1 do Regulamento (CE) n.º 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas:

- 1.ª) Clases de perigo 2.1 a 2.4, 2.6, 2.7, 2.8 tipos A e B, 2.9, 2.10, 2.12, 2.13 categorías 1 e 2, 2.14 categorías 1 e 2, 2.15 tipos A a F;
- 2.ª) Clases de perigo 3.1 a 3.6, 3.7 efectos adversos sobre a función sexual e a fertilidade ou sobre o desenvolvemento, 3.8 efectos distintos dos narcóticos, 3.9 e 3.10;
- 3.ª) Clase de perigo 4.1;
- 4.ª) Clase de perigo 5.1.»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/112/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro, que modifica as directivas 76/768/CEE, 88/378/CEE e 1999/13/CE do Consello, e as directivas 2000/53/CE, 2002/96/CE e 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello para adaptalas ao Regulamento (CE) n.º 1272/2008, sobre clasificación e envasado de substancias e mesturas, no que se refire ás directivas da área ambiental: Directiva 1999/13/CE do Consello e as directivas 2000/53/CE, 2002/96/CE e 2004/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».
2. Non obstante o anterior:
  - a) A modificación prevista no artigo primeiro aplicarase a partir do 1 de decembro de 2010.
  - b) A redacción prevista no artigo segundo.catro aplicarase a partir do 1 de xuño de 2015.
  - c) A modificación establecida no artigo terceiro.dous aplicarase a partir do 1 de xuño de 2015.

Dado en Madrid o 5 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JAUREGUI ATONDO